XUNTA DE GALICIA | CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

MEMORIA COMPLEMENTARIA EXPLICATIVA DAS MODIFICACIÓNS REALIZADAS NA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
(CÓDIGO XESPER: MR- 2024- 005- M)

Con data **27 de novembro de 2024**, a Consellería do Medio Rural presentou a proposta de modificación da súa Relación de Postos de Traballo (RPT), identificada co código **Xesper: MR-2024-005-M**, que foi **informada favorablemente pola Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio** o día **23 de decembro de 2024**.

A dita proposta xustifícase principalmente pola necesidade de adaptación ao disposto no **Decreto 223/2022, do 22 de decembro**, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural, modificado polo **Decreto 148/2024, do 20 de maio**. Pero, o tempo transcorrido desde a última actualización tamén aconsella introducir determinados axustes puntuais.

Esta proposta (CÓDIGO XESPER: MR-2024-005-M) foi negociada coas organizacións sindicais o 19 de novembro de 2024 e presentada para a súa tramitación e aprobación o 27 de novembro de 2024, e conta co informe favorable da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio de 23 de decembro de 2024.

Non obstante, se detecta que nesta proposta se inclúen amortizacións e modificacións de postos ofertados nos seguintes concursos:

- **F0324**, de administración especial (conforme á Resolución do 27 de febreiro de 2024, DOG nº 50, do 11 de marzo).

- **F0424**, de administración xeral (conforme á Resolución do 13 de maio de 2024, DOG nº 94, do 15 de maio).

En consecuencia procede a **revisión e exclusión das seguintes propostas**, co fin de garantir a seguridade xurídica e a viabilidade da tramitación da modificaciónco código **Xesper: MR-2024-005-M** :

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
SUBDIRECCIÓN XERAL DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA
Edificio administrativo núm. 4 de San Caetano, 1ª planta
15781 Santiago de Compostela
T. 881 999077
coordinacion.medio-rural@xunta.gal
mediorural.xunta.gal

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JEI22oeKPD01 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

Primeiro.- No punto A.3.1 da proposta, relativa á Subdirección Xeral de Coordinación da PAC, da Cadea e Calidade Alimentaria proponse o seguinte:

- Retírase a modificación proposta consistente na apertura á Administración Xeral do posto co código MR.O13.00.000.15770.009, traspasado desde o FOGGA á Subdirección Xeral de Coordinación da PAC, da Cadea e Calidade Alimentaria, e co novo codigo MR.C07.00.000.15770.009 ao estar o dito posto incluído no Concurso F0324, polo ue se mantén a súa apertura a Administración Especial , biólogo.

Segundo.- No punto B.2 "Modificacións puntuais nas Áreas Comarcais de Lugo, Mondoñedo e Vilalba" retíranse da proposta os seguintes postos:

- **Na Oficina Rural da Área de Lugo**: retírase a proposta de creación do novo posto **MRC992005127001026 (Unidade de Apoio Administrativo)**, por estar vinculada á amortización do posto **MRC991000027001033** que está incluído no Concurso F0424.

- **Na Oficina Rural da Área de Mondoñedo**: retírase a proposta de modificación do posto **MR.C99.20.071.27290.014**, que consistía na súa transformación de posto base C1 a xefatura de grupo C1-C2, por estar incluído no Concurso F0424.

Terceiro.- No punto B.4 "Inclusión de 6 postos no Acordo de condicións detraballo do persoal funcionario pertencente aos subgrupos A1 e A2 do Servizo de Prevención de Incendios Forestais" proponse a súa retirada de acordo co seguinte:

As modificacións propostas inicialmente nos postos que se relacionan a continuación para a súa inclusión no Acordo de condicións específicas para o persoal funcionario A1 e A2 do SFPIF, non se poden realizar por estar todos incluídos no Concurso F0324:

Codigo de posto	Denominacion	Centro directivo
MRC991080115001010	XEFATURA ÁREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA - SFPIF
MRC991080127001009	XEFATURA DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DA LUGO-SFPIF

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JEI22oeKPD01 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve

MRC991080132001011	XEFATURA DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE OURENSE - SFPIF
MRC991080136001011	XEFATURA DE AREA DEFENSA CONTRA INCENDIOS II	DIRECCIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA- SFPIF
MRC991080115001015	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A CORUÑA
MRC991080127001004	POSTO BASE A1	DIRECCIÓN TERRITORIAL A LUGO

En consecuencia se retira tamén a proposta de amortización dos 3 postos vacantes cuxa dotación era necesaria para financiamento da proposta:

Codigo de posto	Denominacion	Centro directivo
MRC995018136440183	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: VIGO
MRC995006127650181	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: MARIÑA OCCIDENTAL
MRC995003115580180	VIXILANTE FIXO/A	COMARCA FORESTAL: ORDES-SANTIAGO

Cuarto.- No punto B.5. "Modificación do posto base subgrupo A1 e Técnicos de Apoio ao SPIF"

Retírase este punto B.5 da proposta, dado que na modificación prevista —consistente na apertura ao subgrupo A1-A2, escalas EME3/ESES5 de catro postos— tres deles resultan afectados polo concurso F0324.

A proposta retirada afecta aos seguintes postos que manteñen as súas características actuais:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN DO POSTO	NIVEL
MRC991080115001213	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	20
MRC991080127001004	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	20
MRC991080132001010	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	20
MRC991080136001010	TÉCNICO/A DE APOIO AO SPIF	20

Quinto.- No punto B.6. "Modificación do posto base subgrupo A2 da Dirección Territorial de Lugo"

- Coa modificación do posto MR.C99.10.000.27001.244 pretendíase rectificar o grupo de acceso, dado que a súa denominación —POSTO BASE SUBGRUPO A2 — non concorda coa escala de acceso asignada, ESE2 (Escala de Enxeñeiros, especialidade Enxeñaría Agrónoma). Porén, a súa inclusión no Concurso

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JEI22oeKPD01 Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

F0324 imposibilita a realización da devandita modificación, manténdose o posto coas súas características actuais.

Co obxectivo de non atrasar a tramitación da modificación da RPT e garantir a súa viabilidade, proponse continuar coa tramitación do expediente MR-2024-005-M cos cambios recollidos nesta memoria complementaria, que inclúe a retirada das modificacións inicialmente previstas, así como dos postos vacantes cuxa amortización se destinaba ao seu financiamento, de xeito que a proposta non se vexa afectada en ningún caso polos concursos F0324 e F0424 actualmente en tramitación.

Santiago de Compostela
O Secretario Xeral Técnico

Jorge Atán Castro

Asinado por: JORGE ATAN CASTRO
Cargo: Secretario Xeral Técnico
Data e hora: 08/07/2025 13:35:56

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: JEI22oeKPD01 **Verificación:** https://sede.xunta.gal/cve